


CALIBRAR O SENSOR DE COR PARA BLANCO E NEGRO



Supoñemos que o sensor de cor está deseñado para devolver un valor 0% cando o sensor de cor (luz reflectida) se coloque sobre unha superficie totalmente negra.

E devolverá un valor 100% cando se coloca sobre unha superficie perfectamente branca.

Pero non sempre é así: por exemplo podemos colocar o sensor sobre unha superficie NEGRA e darnos un valor do 23%, e colocandoo sobre unha BRANCA danos un valor do 73%

Para que nos mostre os valores 0% e 100% para negro e branco respectivamente, executaremos este programa.

En primeiro lugar imos calibrar a superficie escura (NEGRA) para a que o sensor de luz nos mostre un valor 0% de luz reflectida.

Un bloque de espera a que presionemos o botón dereito do ladrillo, ahi diremoslle que o bloque EV3 atópase sobre a superficie oscura e a calibración pode comezar. Entón o bloque "sensor de cor" en modo "intensidade de luz reflectida" mide o valor, que pode ser do 23% por exemplo. O seguinte bloque do programa é a opción "calibrar", na opción de "mínimo", e dicir, que o valor que devolve o sensor para o negro é o valor "0" para o negro. Cando remata de calibrar, emitirá un "son" que é o seguinte bloque que engadimos coa opción "click" a un volume do 100%, espera a que o son remate para continuar coa seguinte calibración.